



GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-II (CORDA FRETADA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO,
E POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-II (CORDA FRETADA)										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Guitarra, Música antiga (Clave, ICP), Piano		
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	0'5 h.
ECTS/CUAD.					1'5	1'5			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Non se requiren
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC9, EP2, EP3, EP5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as partes do instrumento e do arco e desenvolver unha postura corporal axeitada con respecto ó instrumento, así como unha técnica correcta da man dereita e esquerda.	Todas
Tocar escalas, estudos, e pezas nas primeiras posicións usando as diversas estruturas de semitono no rexistro básico dunha oitava.	Todas
Acorde ao curso, desenvolver criterios de afinación e calidade de son, e iniciar a aprendizaxe dos diferentes golpes de arco e do legato.	Todas
Manter hábitos de estudo regulares e coñecer os seus principios básicos aplicándoos á práctica diaria.	Todas
Interpretar en público todas ou parte das pezas traballadas.	Todas

4. CONTIDOS	
Aspectos técnicos. Coordinación e independencia das dúas mans. Control da afinación	
Aspectos musicais, artísticos e interpretativos, relativos aos aspectos musicais que interveñen na interpretación	



Aspectos pedagóxicos: autonomía do alumnado, principios básicos do aproveitamento do estudo en aras á adquisición de maior autonomía.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias.	Presenciais	Esporádicamente
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Práctica individual.	Non presenciais	Todo o cuadrimestre
Actividades de consolidación.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre.
Pescuda de información.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre
Actividades complementarias	Presenciais	Esporádicamente.
Audicións e/ou probas	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.